

## **DOMINGO 27 ORDINARIO CICLO B**

**PRIMEIRA** Xen 2, 18-24

**Serán os dous unha soa carne**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA XÉNESE**

O Señor Deus pensou:

- "Non está ben o home só. Vou facer para el unha axuda ao seu xeito".

O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ao home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese. O home púxolles nomes aos animais domésticos, aos paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ao seu xeito.

Entón infundiu o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio. Da costela do home formou unha muller e presentoulla ao home.

O home exclamou:

- "Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do home".

Por iso deixa o home seu pai e súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo.

**SALMO RESPONSORIAL** Sal 127, 1-2. 3. 4-5. 6

**R/ (cf 5): Bendíganos o Señor todos os días da nosa vida**

Ditosos os que temen ao Señor  
e van polos seus camiños.  
Cando comes do froito das túas mans,  
ditoso ti e afortunado.

A túa muller é coma parra fecunda  
no medio da túa casa.  
Os teus fillos coma gromos de oliveira  
arredor da túa mesa.

Así é bendito  
quen teme ao Señor.  
Bendígate o Señor desde Sión,  
que vexas na prosperidade a Xerusalén  
todos os días da túa vida,

e que vexas os fillos de teus fillos.  
¡A paz sobre Israel!

SEGUNDA Heb 2, 9-11

**O consagrante e os consagrados teñen que ser todos da mesma liñaxe**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS**

Irmáns e irmás:

Aquel que "rebaixaron só un chisco con respecto aos anxos", Xesús, por aguantar os padecementos da súa morte, está coroadado de gloria e dignidade. Deste xeito, a súa morte foi unha bendición de Deus para todo home.

Efectivamente, conviña que Aquel para quen e por quen todo existe, se quería levar moitos fillos á gloria, levase á máxima perfección por medio do sufrimento o que ía ir á cabeza dos que se salvarían; pois o consagrante e os consagrados teñen que ser todos da mesma liñaxe. Por isto non se avergonza de lles chamar irmáns.

ALELUIA 1 Xn 4, 12:

Se nos amamos mutuamente, Deus está connosco, e o seu amor chega á plenitude en nós

### **DOMINGO 27 ORDINARIO CICLO B**

EVANXEO Mc 10, 2-16 (longa)

**O que Deus uniu que non o separe o home**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS**

Daquela achegáronselle a Xesús algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ao home repudiar a muller. El replicoulles:

- Que foi o que mandou Moisés?

Respondéronlle:

- Moisés permitiu despedila, dándolle certificado de divorcio.

Díxolles Xesús:

- Tendo en conta a dureza de voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. Pero desde o principio da creación, fíxoos varón e femia. Por iso deixará o home a seu pai e máis a súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. O que Deus uniu, que non o separe o home.

Xa na casa, os discípulos volvéronlle a preguntar acerca disto. El díxolles:

- O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.

E leváronlle uns nenos para que os tocasse. Pero os discípulos rifábanlles. Mais a Xesús non lle gustou aquilo e dixo:

- Deixade que os nenos se acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. Asegúrovos que aquel que non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará nel.

E abrazounos e bendiciunos e impúxolles as mans.

## **DOMINGO 27 ORDINARIO CICLO B**

EVANXEO Mc 10, 2-12 (breve):

**O que Deus uniu que non o separe o home**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS**

Daquela achegáronselle a Xesús algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ao home repudiar a muller. El replicoulles:

- Que foi o que mandou Moisés?

Respondéronlle:

- Moisés permitiu despedila, dándolle certificado de divorcio.

Díxolles Xesús:

- Tendo en conta a dureza de voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. Pero desde o principio da creación, fíxoos varón e femia. Por iso deixará o home a seu pai e máis a súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. O que Deus uniu, que non o separe o home.

Xa na casa, os discípulos volvéronlle a preguntar acerca disto. El díxolles:

- O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.